

O TERRITORIO E A CIDADANÍA: PERCORRIDO POLA ONOMÁSTICA GALEGA*

Manuel Ferreiro

Universidade da Coruña

Os galegos e galegas procedemos dunha historia e dunha lingua construídas, durante centos de anos, polos nosos antepasados. Unha historia distintiva, unha lingua diferente das outras peninsulares, que modulou de maneira peculiar o latín imposto pola colonización romana e que singularizou o noso país tanto como a súa conformación xeográfica e a súa posición no continente europeo. Somos a nación europea con máis quilómetros de costa e con máis acusada caracterización de rías e portos naturais; o país dos mil ríos; a terra das comarcas plenamente diferenciadas (chaira, alta montaña, vales e veigas, areais, golfos e cabos, cantís e furnas...): escasamente tres millóns de cidadáns en 30.000 quilómetros cadrados que albergan unha enorme variedade e diversidade. A personalidade infraestructural está, pois, plenamente á vista e, para ben ou para mal, nela repararon ollos e espíritos forasteiros desde a noite dos tempos.

Nomear as persoas e a terra que se habita, os lugares que se tripan, é un traballo plenamente humano: o primeiro esforzo, con certeza, de se relacionar socialmente e de “dominar” o medio en que se vive, de posuílo a través dun nome. A capacidade nominadora –posuidora– dos nosos antepasados resulta –ollando a sincronía actual– extraordinaria: téñase en conta que o nomenclátor (oficial) da Galiza supón practicamente a metade dos topónimos do Estado español, sen contar os moitos centos de miles, talvez millóns, de microtopónimos (nomes sigulares de prados e lameiros, leiras e tenzas, regos e fontes, congostras, penedos etc.). Isto significa, de seu, unha profunda e persistente humanización da terra, unha íntima simbiose entre paisaxe e poboadores, entre ser humano e hábitat. De aí que falarmos de

* Este contributo é unha refacción do capítulo dedicado á onomástica na *Gramática Histórica Galega*. II. *Lexicoloxía* (Santiago de Compostela, Laivento, 2002).

onomástica galega, nomeadamente de toponimia, signifique entrarmos nun mundo ricaz, variadísimo, semanticamente moi fecundo, cuxo legado –por dereito e por deber– ha de ser preservado. Por este ámbito topo-antroponímico tentaremos facer un percorrido que axude a comprender, ao menos, a xénese e sistematicidade do corpus lexical da onomástica galega.

1. A TOPONIMIA

A toponimia está constituída polos nomes propios de carácter xeográfico ou topográfico, isto é, os nomes dos lugares e de todo tipo de accidentes da orografía (ríos, montes, vales, lagos, cabos, praias etc.), aínda que o estudo particularizado de cada grupo constitúe unha subdisciplina con entidade propia.

Na súa cantidade e diversidade, a toponimia constitúe un capítulo fundamental en relación á historia lingüístico-cultural dos pobos, xa que é testemuña das diversas circunstancias que unha comunidade sofre ao longo do tempo, reflectindo o seu devir político e sociocultural. No caso da Galiza mostra tamén os estigmas da colonización lingüística sufrida durante varios séculos polo español, de xeito que ás veces é difícil a recuperación da denominación autóctona, esquecida durante anos pola imposición da denominación española ou españolizada, en ocasións aberrante¹. É por isto que resulta absolutamente necesaria a reparación e a recuperación da autenticidade onomástica, por razóns históricas, de respecto ao país, por ecoloxía lingüística e, en definitiva, por dignidade colectiva.

1.1. *Unidade e diversidade toponímica*

Os topónimos galegos constitúen unha fonte valiosísima para o estudo histórico do idioma, testemuñando todo tipo de evolucións diverxentes que conviviron (e, ás veces, aínda conviven) no seo do galego. Así, podemos rexistrar as diverxencias evolutivas do vocalismo, especialmente do resultado de determinados hiatos romances (*FILICARIOLA > Folgueiroa / Folguei-

¹ Pénsese no problema das *Póboas* ou *Pobras*, españolizadas desde hai moitos anos en **Pueblas*, ou tamén en esperpénticas castelanizacións, como a de *Niñodaguia* en **Niño de la Guía*.

rúa, ECCLESIOLA > Grijoa > Grixoa / Grixó etc.) e de certas actuacións metafónicas (cfr. o suf. *-edo/-ido* en topónimos do tipo *Figueiredo / Figueirido*), así como do consonantismo², como, por exemplo, os resultados da caída de -N- intervocálico (*ABELLANETU > Abeledo / Abelenda, *CASTANETU > Castedo / Castenda, FONTANELLA > Fontela / Fontenla, SENARA > Seara / Senra, *MATIANETA > Mazaeda / Maceda / Macenda), a evolución dos grupos -TJ- ou -KJ- (PALATIU > Pazo / Pacio), os resultados da secuencia inicial EX- (EXITU > Eixido / Enxido), o mesmo que o tratamento de -ANUM (PLANU > Chan / Chao, *FONTANU > Fontán / Fontao), de -ALES (CASALES > Casás / Casais / Casares, FENALES > Feais / Feás / Feáns), ou a propia distribución das formas diminutivas, especialmente *-iño/-ín* e *-elo*.

Mais aínda se deben considerar moitas outras evolucións diverxentes, como *Eira / Aira* (< AREA), *Varcia / Varxa* (< VARCENA) etc., así como a existencia de deslocamentos acentuais (ECCLESIOLA > Irijoa > Irixoa > Irixó > Irixo) ou apócopes (PODIU > Poio vs. Poi de Arriba / Abaixo), entre outros fenómenos posibles.

Para alén desta variación lingüística de tipo evolutivo-dialectal, constátase unha multiplicación das formas toponímicas pola existencia de numerosas concorrencias:

1. Flexión xenérica (masc. / fem.) e numérica (sing. / pl.): *Casal, Casás, Casais, Casares; Valiña, Valiñas, Valiño, Valiños* etc.
2. Aparición de todo tipo de sufixación referencial (*Carballosa, Carballeiro, Carballal / Carballar, Carballedo / Carballido* etc.) ou apreciativa, normalmente diminutiva (*Val, Valín, Valiño / Valiña; Souto, Soutelo, Souteliño; Caldas, Caldelas; Varcia ~ Varxa, Varcieira ~ Varxiela* etc.).
3. Formación de numerosos compostos, especialmente coa adxunción dun adxectivo como segundo elemento (*-agudo, -albo, -baixo, -bo(o), -chan / -chao / -cha, -forte, -longo, -mao, -mor* ou *-maior, -novo, -outo, -redondo, -rubio, -ve-*

² A pronuncia con gheada pode explicar algúns topónimos, como, posibelmente, *Conxo*, probábel galeguización dunha forma española *Conjo* sobre unha forma dialectal galega con gheada (de **Congo*, procedente de CANONICU). Canto ao seseo, a súa representación gráfica vacilante provoca variacións de todo tipo: *Maceda/ Maseda, Sas/Zas* etc.

llo ou *-vedro* etc.), ou coa presenza dun sintagma nominal subst. + *de* + subst. (*Vilar de Frades, Montaña da Agra*) ou subst. + *de* + adv., especialmente *arriba* ou *abaixo*.

Por outra banda, tendo en conta que os topónimos son formas lingüísticas moitas veces sobreviventes de millares de anos, con frecuencia de linguas descoñecidas, fronte a vocábulos transparentes que seguen a ser utilizados na lingua xeral (*A Estrada, Ribeira, Riotorto, Mosteiro*), aparecen outros escuros ou opacos, tanto por seren formas que se perderon no léxico común (cfr., por exemplo, *-vedro*³ vs. *-vello*) ou a aparición de formas patrimoniais que na lingua xeral presentan unha evolución diverxente ou parten dunha base diferente (Saa vs. sala; -outo vs. alto; Meixón ou Meixoeiro (< MANSIONE) vs. mesón; Arenteiro (< ARGENTARIU, de ARGENTUM 'prata') vs. prata; Traba (< TABULA 'chan, plano') vs. táboa etc.), así como os resultados claros de neutros latinos (TRIA CASTELLA > Triacastela, TRIA VADA > Triavá) ou formas menos obvias, moitas veces por seren procedentes de vocábulos prelatinos (cfr., por exemplo, os topónimos co elemento *castro* fronte aos que presentan *briga*, con igual ou similar significado: *Bergantiños, Dumbría* (< DUNUM-BRIGA) ou *Tordoia* (< TUROBRIGA).

A estas dificultades aínda se deben acrecentar os problemas xerados pola deformación que o paso do tempo produciu na evolución toponímica, xerando unha opacidade na sincronía actual que inicialmente, como é obvio, non existiu: AQUAS MIXTAS > Ambasmestas, VULTURARIA > Voutureira > Ventureira etc.⁴.

A propia evolución fonética cría formas escuras (AREA VETERA > Iravedra, MODESTI > Moeche) ou homónimas facilmente confundíbeis, moitas veces por cruzamentos e etimoloxías populares (HONESTI > Oeste, HUMILLIATORIUM > Milladoiro, PETRA RUTUNDA > Parredonda)⁵.

3 Cfr. *vedro* ou *vedraño*, arrecantados na linguaxe rural o primeiro (subst.), e na literaria o segundo (adx.).

4 Cando non existe documentación antiga, no proceso de restauración da lexitimidade toponímica na Galiza áchanse topónimos de difícil interpretación polo longo proceso de deformación e castelanzación. Cfr., por exemplo, **Haciadama*, que permite interpretacións como *Acea da Ama, Acea da Mâ* ou, mesmo, *Acea do Mar*.

5 Na evolución toponímica pode xogar un papel moi importante a imaxinación e reinterpretación popular das palabras. Véxase unha abundante exemplificación en Celso de Baión, C. de (1976): por exemplo, as explicacións referidas a *Caldelas* (<

É por isto que a toponimia constitúe un terreo esvaradizo, onde as aparencias poden ser enganosas, xa que elementos prelatinos xeran formas homónimas con substantivos comúns de orixe latina (*ALB ‘monte’ → Trasalba; *BARC- / BARG- ‘altura, costa, concavidade, depresión’ → Bar, Bara, Barco de Valdeorras; BERG ‘monte’ → Bergondo; *BOI ‘pedra’ → Boi Grande / Boi Pequeno, Boicornello, Boidecanto, Bois, Bois de Gures ou Boimorto, co elemento *MOR ‘pedra’ etc.), así como a presenza de deformacións e etimoloxías populares (cfr. *Paraboa*, de PETRA BONA; *Pradalbar*, de PETRA *ALBARE etc.).

1.2. Clasificación dos topónimos

Dada a extrema complexidade e número das denominacións toponímicas galegas, calquera achegamento xeral será facilitado por unha clasificación aproximativa. A orixe dos topónimos permite un primeiro achegamento taxonómico. Así, pódese falar de:

1. Topónimos prelatinos, ás veces convivindo con sinónimos de base latina (cfr. Carballo vs. Robra, Reboredo, Rebordeiros etc.), denominación de moitas vilas e cidades (*Arzúa*, *Betanzos*, *Cangas*, *Carnota*, *Corcubión*, *Noia*, *Sarria*, *Tui* etc.), de comarcas (*Barbanza*, *Bergantiños*, *Lemos* etc.) e, sobre todo, de numerosos ríos (*Arno*, *Arnoia*, *Avia*, *Deva*, *Eo*, *Eume*, *Limia*, *Mandeo*, *Masma*, *Miño*, *Sil*, *Suarna*, *Tambre*, *Támega*, *Ulla* etc.).
2. Do punto de vista cuantitativo, outra compoñente importante da toponimia galega é a xermánica, cuxo número é inmenso, sobre todo se o compararmos coa aparente nula influencia exercida na lingua polos pobos xermánicos, en xeral, e suevo, en particular. Así, son xermánicos topónimos como *Baamonde*, *Baldomar*, *Baltar*, *Goiá(n)s*, *Gomesende*, *Gondomar*, *Guimaráns*, *Randulfe*, *Recarei*, *Rosende* etc., xunto con moitos outros facilmente identificábeis en xeral

*cal delas? vs. [AQUAS] CALIDAS), *Canido* (< *can ido vs. CANNA+-ido), *Fonsagrada* (< *Fonsa grada vs. FONTE SACRATA), *Parderrubias* (< *par de rubias vs. PARIETES OU PETRAS RUBEAS). É, por outra parte, ben coñecida a pseudoetimoloxía CAMPUS STELLAE (en lugar da real COMPOSITELLA) para o nome de *Compostela*.

polas terminacións *-il* e *-riz* (*Damil, Gondomil; Guitiriz, Mondariz* etc.).

3. Ao contrario do que acontece coa toponimia de orixe xermánica, existen moi poucos topónimos árabes na Galiza, por razóns histórico-sociais, xa que a presenza musulmá no noso territorio foi certamente escasa e esporádica: *Aldea, Alfoz* (< ár. *al-háuz* ‘arrabalde, territorio dependente dunha vila’), *Almuíña* (‘horta, herdade’), *Arrabaldo, Rábade* (‘fronteira’) etc.
4. A pesar da importancia da toponimia de orixe xermánica, os nomes de lugar proceden na súa esmagadora maioría do latín, lingua que, en definitiva, é a base fundamental do galego.

Por outra parte, tamén se pode realizar unha clasificación semántica que certamente resulta complexa, tanto por descoñecemento de circunstancias históricas e culturais, como polas formas compostas, que leva a que moitos topónimos poidan ser encadrados en diversos apartados: *Casal do Abade, Casdemiro, Salceda de Caselas, Viladesuso, Vilar de Donas, Vilar de Francos* etc.

Tan só con valor aproximativo, pódense establecer seis grandes grupos en que entran a maior parte dos topónimos galegos.

1. A terra. Os topónimos incluídos neste capítulo son aqueles que conteñen calquera tipo de referencia á orografía, ao aspecto ou á conformación da terra: *area* (< ARENA) → *Area, Areal, Areeiro, Areosa*; *barro* (< prelat. BARR-) → *Barral, Barrreiro, Barro, Barroso*; *foxo* (< FOVEU) → *Foio, Foxo*; *lama* (< prelat. LAMA) → *Lama, Lamazal, Lameiro, Lamela, Lamosa*; *laxe* (< LAGENA, do célt.) → *Laxe, Laxedo, Laxeira, Laxento, Laxosa*; *outeiro* (< ALTARIU) → *Outeiral, Outeirelo, Outeiriño, Outeiro*; *pedra* (< PETRA) → *Padrón, Pedregal, Pedreira, Pedrido, Pedriña, Pedrizas, Pedroso*; *pena* (< PINNA) → *Pena, Penedo, Penela*; *rocha* (< *ROCCA, polo fr. *roche*) → *Rocha, Rochedo, Rochela*; *seixo* (< SAXU) → *Seixadas, Seixadelas, Seixán, Seixalbo, Seixeiras, Seixidal, Seixido, Seixo, Seixoa, Seixón, Seixoso*; *val* (< VALLE) → *Val, Valiña, Valiño, Valouta* etc.

Mais neste apartado tamén poden entrar aqueloutros topónimos que fan referencia á situación particular do terreo: *Belvís* (< BELLU VISU), *Cimadevila* (< CYMA DE VILLA), *Cospeito* (CONSPECTU, part. de CONSPICERE ‘ver, enxergar’), *Fondodevila / Fondevila* (< FUNDU DE VILLA) etc.

Moitos destes topónimos teñen como elemento inicial unha preposición de valor locativo: alén → *Alén do Río*, *Alemparte*, so / su → *Socastro*; tras → *Tralabouza*, *Trasalba*, *Trasdeza*, *Tras do Veiga*, *Trasverea*.

2. A auga. Numerosos topónimos fan referencia á hidrografía en sentido lato: *Agolada* ~ *Agualada* (< AQUA LATA), *Ambasmestas* (< AQUAS MIXTAS), *Balsa* (< prelat. BALSÁ ‘lamagal’), *Baños de Molgas* (< BALNEOS DE [AQUAS] MOLLICAS); *Caeira* (< *CADARIA, de CADERE ‘caer’); *Caldas*, *Caldelas* (< [AQUAS] CALIDAS); *Esteiro* (< AESTUARIU); *Férvedas*, *Ferverza* (der. de FERVERE); *Fonte*, *Fonte(n)la*, *Fontarcada*, *Fonteita*, *Fontiña*, *Fontaiña*, *Fontao / Fontán* (< FONTE); *Foz* (< *FOCE< FAUCE); *Insua* (< INSULA); *Lagoa*, *Lagoela* (< LACUNA); *Rego*, *Regueiro* (< *RECU, prelat.); *Ribeira*, *Ribela* (< RIPA) etc.
3. Flora. O capítulo da flora, o revestimento vexetal da terra, constitúe un apartado moi amplo da toponimia, rexistrándose todo tipo de referencias alusivas a árbores (individual ou colectivamente consideradas), produtos vexetais ou froitos, algúns con numerosos representantes na toponimia. Entre outros: abelá (< ABELLANA) → *Abelaíño*, *Abelaira / Abeleira*, *Abelal / Abelar*, *Abelán / Abelao*, *Abeledo*, *Abeleiral*, *Abeleiroa*, *Abraira*; acivro (< AQUIFOLIU) → *Acevedo*, *Aceveiro*, *Acivreira*; bugallo (prelat. ou de *boga*, var. de *baga*) → *Bugallal*, *Bugalleiro*, *Bugallido*; cana (< CANNA) → *Canaval*, *Caneiro*, *Canido*, *Caniza*; carballo (prelat.) → *Carballal*, *Carballeira*, *Carballido*, *Carballo*; castiñeiro (de *castaña*) → *Castiñeira*, *Caste(n)da*; fento (< FILICTU) → *Fental*, *Fenteira / Fieiteira*, *Filgueira / Folgueira*, *Folgo*; freixo (< FRAXINU) → *Freixedo*, *Freixeiro*, *Freixo*; loureiro (de LAURU) → *Louredo*, *Loureiro*, *Louro*; mazá (< MATIANA) → *Maceda*, *Maceira*; salgueiro (< SALICARIU) → *Salceda*, *Salgueiro*, *Salgueiroas*; silva (< SILVA) → *Silva*, *Silveira*, *Silveiral*, *Silvouta*; toxo (do prelat. *TOIU) → *Toxal*, *Toxedo*, *Toxeira*, *Toxosoutos*; uz (< ULICE) → *Uceira*, *Uzal*; xesta (< GENESTA) → *Xesta*, *Xestal*, *Xesteira*, *Xestoso* etc.

Outros topónimos vexetais son menos abundantes: *Carregal* (< CARRICALE, de CAREX ‘carrizo, cana dos pantanos’); *Lestedo* (do prelat. LISTA ‘lesta’); *Liñarede, Liñares* (de LINU ‘liño’); *Nabal, Nabeira* (de NAPU ‘nabo’); *Olveira* (< OLIVARIA ‘oliveira’); *Painceiros, Painzal* (de PANICIU ‘paínzo, millo miúdo’); *Raval* (de RAPHANU ‘ravo’) etc.

4. Fauna. Os topónimos que reflicten denominacións de animais, selvaxes ou domésticos, constitúen tamén un grupo importante, fornecendo en moitas ocasións información neste campo sobre tempos pasados e de rexións galegas concretas, pola concentración de determinados topónimos faunísticos: abella (< APICULA) → *Abelleira*; aguia (< AQUILA) → *Aguiar, Aguieiro, Niñodaguia*; azor (< ACCEPTORE) → *Azoreira*; balea (< BALLAENA) → *Balea, Bal(e)eira*; cabra (< CAPRA) → *Cabral*; arc. zevro (< EQUIFERU ‘cabalo salvaxe’) → *Cebreiro*; coello (< CUNICULU) → *Coe(n)lleira*; coruxa (< onomat.) → *Coruxeiras / Cruxeiras*; corvo (< CORVU) → *Corveira*; falcón (< FALCONE) → *Falcoeiro*; golpe (< VULPE) → *Golpellós, Golpilleiras*; la(n)gosta (< LOCUSTA) → *Lagosteira*; lebre (< LEPORE) → *Leboreiro*; lobo (< LUPU) → *Lobeira*; lontra (< NUTRA) → *Lontreira*; oso (< URSU) → *Oseira*; ovella (< OVICULA) → *Ovellariza*; pomba (< PALUMBA) → *Pombal*; touro (< TAURU) → *Toural*; vaca (< VACCA) → *Vacariza*; voitre (< VULTURE) → *Voutureira* etc.
5. As persoas e os grupos humanos. É este un grupo especialmente significativo do punto de vista histórico e social, xa que os topónimos baseados no nome dun antigo ‘poseedor’, derivados, en xeral, de formas do xenitivo, son numerosísimos, característica que individualiza a toponimia galego-miñota no conxunto peninsular⁶: *Abadín* (< ABBATINI, xen. de

6 “[...] são os nomes pessoais antigos que determinam em grande parte a fisionomia particular da toponímia galega. Trata-se de nomes de senhorios (“possessores”), que desde a época latina, através de toda a Idade Média, se prenderam às propriedades respectivas, as chamadas ‘vilas’, e se perpetuaram, por via de regra, numa forma fonética que supõe o genitivo, acompanhada ou não do determinado: *Vilachave* = *v i l l a F l a v i i* (de *F l a v i u s*) ao lado do simples *Chave*. Segundo pôde apurar o autor deste artigo, existem hoje, no âmbito galego-português-asturiano, cerca de 2.000 nomes de lugar pertencentes a esta classe de antroponímicos [...]” (Piel 1979: 7).

ABBATINUS), *Arcade* (< ARCADII, xen. de ARCADIUS), *Armenteiro* (< ARMENTARIU), *Bande* (< VANATI, xen. de VANATUS), *Casdemoure* (< CASA DE MAURI), *Chorente* (< FLORENTII, xen. de FLORENTIUS), *Donepedre* (< DOMINI PETRI), *Ferrol* (< FERRIOLI, xen. de FERRIOLUS), *Fruíme* (< FRONIMII, xen. de FRONIMIUS), *Guitiriz* (< WITERICI, xen. de WITERICUS), *Lalín* (< LALLINI, xen. de LALLINUS), *Maside* (< MASITI, xen. de MASITUS), *Melide* (< MELLITI, xen. de MELLITUS), *Moeche* (< MODESTI, xen. de MODESTUS), *Osebe* (< EUSEBII, xen. de EUSEBIUS), *Paderne* (< PATERNI, xen. de PATERNUS) etc.

Outras veces, estes topónimos fan referencia a grupos humanos relacionados coa Igrexa e coa vida monástica: *Muxía* (prob. de *monxe*), *Donas* e *Vilar de Donas* (de DOMINAS ‘freiras’), *Frades* (< FRATRES) etc.

Débense tamén incluír os nomes de santos, xeralmente aglutinados co adxectivo *santo*: *San Fiz*, *Sanfiz* ou *Sanfins* (< SANCTU FELICE); *Santiso* (< SANCTU THYRSU); *Sampaio* (< SANCTU PELAGIU); *Santalla*, *Santavalla*, *Santavaia* (< SANCTA EULALIA); *Sanxenxo* (< SANCTU GENESIU); *Seoane*, *Seivane*, *Saiáns*, *Soane* (< SANCTU IOHANNE) etc.

Finalmente, aínda hai que considerar os xentilicios da toponimia, que testemuñan os movementos de poboación dentro do propio territorio ou a instalación de grupos humanos estranxeiros na Galiza: *Astureses* (asturianos), *Basquiños* (bascos), *Castelaos* (casteláns), *Céltigos* (celtas), *Cumbraos / Cumbráns* (coimbráns), *Sarreaus* (sarrianos), *Suevos* (e *Suegos*) ou *Toldaos* (toledanos), entre outros –téñanse tamén en conta topónimos como *Bretoña* (< BRITONIA) ou *Franza* (< FRANTIA).

6. A transformación e posesión da terra. Este último grupo de topónimos resulta bastante heteroxéneo, xa que incluírá todos aqueles que fan referencia á modificación humana do territorio:
 - a) Asentamentos humanos e núcleos de poboación: *Aldea* (< ár. *ad-day'a*); *Burgo* (< BURGU, do xerm. **burgs* ‘cidade pequena, forte’); *Casal*, *Casares*, *Casás / Casais*, *Casela* (de *casa*); *Castro*, *Castrelo*, *Castromao*, *Castrovilela* etc. (< CASTRU); *Póboa ~ Pobra* (< POPULA); *Quintá*, *Quintela*

- (< QUINTANA); *Vigo* (< VICU 'aldea'); *Vila, Vilar, Vilariño, Vilarello, Vilameá(n), Vilela* (< VILLA) etc.
- b) Fórmulas de propiedade: *Agrela, Agro* (< AGRU); *Chousa* (< CLAUSA, de CLAUDERE 'choer'); *Cortiña, Cortiñán* (< *CORTINA, de COHORTE); *Devesa* (< [TERRA] DEFENSA); *Leira* (< GLAREA); *Seara / Senra* (< SENARA); *Touza, Touzal* (< prelat. *TAUCIA 'mata').
- c) Construcións e establecementos industriais: *Acea / Aceña* (< ár. *as-sâniya*), *Adega* (< APOTHECA, do gr.), *Antas* (< ANTAS), *Batán* (de BATTUERE?), *Cabana(s)* (de CAPANNA, prelat.), *Castelo* (< CASTELLU), *Celeiro* (< CELLARIU), *Ferreira* (< FERRARIA), *Granxa* (do fr. *grange*, de GRANICA), *Muíño* (< MOLINU), *Muros* (< MUROS), *Oleiros* (< OLLARIOS), *Pardiñeiro* (< PARIETINARIU), *Paredes* (< PARIETES), *Pazo / Pacio* (< PALATIU), *Telleira* (de *tella*). Moitas das construcións pertencen ao ámbito eclesiástico: *Capela* (< CAPPELLA), *Cela, Celanova* (< CELLA), *Ermida* (< EREMITA, do gr.), *Mosteiro* (< MONASTERIU, do gr.), *Igrexa, Eirexa, Eirexe, Irixoa, Grixoa* (< ECCLESIA, do gr.).
- d) Vías de comunicación: *Congostra* (< COANGUSTA), *Corredoira* (< *CURRETORIA, de CURRERE), *Estrada* (< STRATA), *Ponte* (< PONTE), *Porto* (< PORTU), *A Rúa* (< RUGA), *Vao* (< VADU), *Verea / Vrea* (< VEREDA) etc.

2. A ANTROPONIMIA

Ao lado da toponimia, a antroponimia (o conxunto dos nomes propios e apelidos⁷, utilizados substantivamente para identificar as persoas nunha sociedade) é de grande importancia sociocultural, xa que tamén mostra os avatares de carácter histórico e lingüístico dunha comunidade determinada.

O sistema de denominación antroponímica do latín (privativo en relación ás demais linguas indoeuropeas) estaba ligado á estrutura familiar: cada persoa identificábase polo *prenomen* (o

⁷ A antroponimia tamén inclúe, obviamente, os nomes de santos (haxionimia) e, ademais, os nomes de familia (moitas veces toponímicos), tan frecuentes na cultura tradicional galega.

nome propio individual⁸), o *nomen gentilicium* (nome da súa *gens*, o grande grupo consanguíneo a que pertencía, supostamente derivado dun antepasado común cos demais individuos do grupo, acabado normalmente en -IUS) e, finalmente, o *cognomen* (nome do grupo familiar menor, dentro da *gens*); así, estes elementos (prenomen + gentilicium + cognomen) constituían o nome completo do cidadán romano: MARCUS TULLIUS CICERO, CAIUS IULIUS CAESAR etc.⁹.

O fundamental na sociedade aristocrática romana era o xentilicio (nas mulleres o xentilicio no feminino para prenome: IULIA, sobriña-neta de César). Mais coa ascensión das clases populares e a nivelación social, xunto coa irrupción do cristianismo (que consagrou o prenome co bautismo) e a integración dos pobos xermánicos, este ríxido sistema viuse alterado, de maneira que no período medieval existe un sistema vacilante de apelidos, moitas veces de transmisión irregular de pais a fillos, frecuentemente con xenitivos¹⁰, formas femininas para as fillas (*Pinbeiro* no pai, *Pinbeira* na filla, por exemplo) etc.

Ora ben, tal e como na actualidade está establecida a denominación antroponímica do individuo (nome e dous apelidos, paterno e materno), esta é relativamente moderna na sociedade galega (e española) coa consagración da utilización conxunta de dous apelidos, o paterno e o materno, nesta orde¹¹.

2.1. Os nomes propios

Os nomes propios proceden, en xeral, de substantivos comúns ou de adxectivos substantivados con que inicialmente se tentou atribuír a un individuo unha cualidade ou unha característica positiva na sociedade.

8 O repertorio de prenomes era escaso e, por tanto, moi repetido, sendo moitos deles números ordinais, indicando simplemente a orde de nacemento: TERTIUS, QUINTUS, SEXTUS, OCTAVUS ou OCTAVIUS, DECIMUS.

9 Aínda podía aparecer un *agnomen* ou alcume individual: DECIMUS IUNIUS BRUTUS GALLICUS, por exemplo (vid. Boullón Agrelo 1995: 449-450).

10 Nos documentos latinos do período protogalego era frecuente a aparición do nome dunha persoa seguido do nome de seu pai en xentivo. Vid. Boullón Agrelo (1995: 453-471) sobre os diversos procedementos para a expresión da filiación.

11 No ámbito luso-brasileiro funciona o mesmo sistema coa orde inversa (apelido materno + apelido paterno), aínda que o verdadeiramente identificador é o segundo.

Dentro da súa variedade, a escolla do nome débese a intereses moi diversos, moitas veces conxunturais, onde interveñen a tradición familiar, os factores relixiosos, as preferencias literarias e, inclusive, a moda, no momento actual determinada en grande medida polo cinema e pola televisión. En consecuencia, a súa frecuencia varía no tempo, percibíndose unha clara evolución desde o período medieval a hoxe¹². É así que, fronte aos nomes predominantes na actualidade¹³ (*Xosé, Manuel, Antonio ~ Antón, Ramón, Xoán, Luís ~ Lois, Xesús, Francisco, Carlos, Fernando; María, Carme, Concepción, Xosefa* (ou *Xosefina*), *Dores, Anxos* (*Anxa, Ánxela*), *Rosa, Pilar, Tareixa, Sabela*)¹⁴, no período medieval, concretamente no seu período final, rexístrase a seguinte frecuencia de nomes (os doce máis frecuentes), xeneralizando para o conxunto galego dos dados fornecidos polos padróns da cidade de Ourense no s. XV¹⁵: *Joan, Afonso, Pero, Roi / Rui e Rodrigo, Gonçalvo, Alvaro, Fernando e Fernan, Gomez, Diego, Vasco ~ Vaasco, Ares e Lopo, Martin e Martinho; Costança, Eines / Ines, Tereija / Tareija, Maria, Maior, Lionor / Leonor, Aldonça, Elvira, Catalina, Aldara, Mariña* e, na mesma proporción, *Biatris / Beatris* (Beatriz), *Sancha e Joana*.

Nos últimos anos percíbese unha certa renovación no campo dos nomes propios galegos, non só pola galeguización antroponímica de parte da poboación, mais pola aparición de nomes tradicionais e antigos galegos, moitas veces medievais

12 Lémbrense, aínda que anecdoticamente, a vaga de nomes 'exóticos', normalmente anglo-saxóns ou transmitidos por esta vía, dos últimos anos (*Cristian, Jessica, Jonathán, Nancy* etc.), que, ás veces, chegan ao esperpéntico (*Máikel*, por exemplo). Certamente, a esta presenza de nomes exóticos contribúe a emigración galega aos países centro-europeos (*Geraldine, Güendolin* etc.).

13 Recollemos os nomes baixo a forma galega.

14 Son dados tirados do censo electoral (vid. Ferro Ruibal 1992: 41-44).

15 Elaboramos esta información a partir de López Carreira 1995. Nestes padróns aparecen algúns nomes que indican a popularidade da 'materia artúrica': *Galaaz* ("Galaz"), *Lancerote, Percival* ("Presybal"), *Tristán*.

Os datos de Kremer (1980: 75-155), elaborados a partir de todo o Norte peninsular, indican que para os ss. VIII-XIII os nomes máis frecuentes eran os seguintes: *Pedro, Paio, Xoán, Martiño, Roi, Fernando, Vermudo, Munio; María, Mariña, Adosinda, Elvira, Urraca, Aragonta, Godiña, Ximena*. No s. XVIII: *Xoán, Antón, Domingos, Francisco, Xosé, Pedro, Andrés, Manuel; María, Ana, Antonia, Rosa, Xoana, Catarina* (vid. Ferro Ruibal 1992).

(*Einés* ou *Nuno*, por exemplo), pola consagración oficial de formas hipocorísticas e/ou familiares e reducidas (*Candela* por *Candeloria*, *Dosinda* por *Ildosinda*, *Ventura* por *Boaventura*), ás veces por motivacións de teor diferencialista (*Bernal*, *Catuxa*, *Roi*, *Xela* etc.), pola utilización de topónimos como antropónimos persoais (*Aloia*, *Avia*, *Cebreiro*, *Lugo*, *Miño* etc.) ou pola integración de nomes literario-culturais, moitas veces relacionados co celtismo e co imaxinario cultural e nacional galego (*Amantia*, *Celtia*, *Gael*, *Grial*, *Suevia* etc.), procedendo en bastantes casos da literatura pondaliana (*Baltar*, *Brandomil*, *Breogán*, *Gundar* etc.).

O mesmo que acontece co léxico común e cos topónimos, os nomes propios poden presentarse baixo formas diverxentes. É relativamente frecuente que a diferente lingua de orixe provoque a existencia de nomes diferentes co mesmo significado: *Alba* (< lat. ALBA) vs. *Branca* (< xerm. *blank*), *Bieito* (< lat. BENEDICTUS) vs. *Euloxio* (< gr. *eulogios*), *Paz* (< lat. PACE) vs. *Irea* (< gr. *eirene*).

Por outra banda, aparecen pares léxicos a causa da existencia de formas diminutivas ou sufixadas desde o principio (cfr., por exemplo, *Flor*, *Flora*, *Florencio*, *-a*, *Florentino*, *-a*, *Florián*) ou pola presenza de formas patrimoniais que conviven coas eruditas (Segundo vs. Secundino, Adrián vs. Adriano, Cibrán vs. Ciprián etc.).

E aínda existen casos en que se multiplican as formas diverxentes por razóns de entrada cronolóxica, pola lingua intermedia ou por falsa segmentación; o caso máis paradigmático está constituído polos descendentes do hebr. *Iakob*: *Xacob* (a forma máis moderna), coas variantes máis tradicionais *Xacobe* e *Xacobo*, xunto co antigo *Iago*, rapidamente convertido en *Santiago* pola aglutinación do adxectivo *santo*; e aínda proceden da mesma base as formas *Xácome* (dunha forma latinizada IACOMUS) e *Xaime* (a través do cat. *Jaume*).

Finalmente, debe terse en conta que os nomes propios sofren mudanzas e alteracións continuas por seren utilizados no ambiente familiar e íntimo máis achegado ás persoas; estas transformacións son, pois, motivadas por razóns de afectivida-

de, facilidade fonética etc., podéndose rexistrar numerosas evolucións lingüísticas, ás veces, múltiples¹⁶. Basicamente:

1. Redución do corpo fónico do nome por medio da apócope (con perda sobre todo daqueles elementos sufixais ou percibidos como tales) e, con maior frecuencia aínda, por aférese (normalmente silábica):
 - a) apócope: Bernaldo → Bernal, Candeloria → Candela, Encarnación → Encarna, Florentino → Florente / Flor / Floro, Purificación → Pura.
 - b) aférese: Antonio ~ Antón → Toño Tono; Boaventura → Ventura; Domingos → Mingos; Edelmiro, Ramiro → Miro; Edmundo, Reimundo → Mundo; Ermesinda, Gumersinda → Sinda; Gregorio → Goro; Xacinto → Chinto; Xesús → Suso; Xoaquín → Quin, Quique, Quico; Xosé → Ché, Sé.
2. Sufixación afectiva, normalmente diminutiva, con presenza de todos os sufixos diminutivos e aínda outros que adquiren este valor (á parte de *-iño* con calquera dos outros sufixos: *Carmeliña, Catuxiña, Mariquiña* etc.): *-echo/-a*: Gregorio → Gorecho, Manuel → Manecho; *-elo/-a*: Carme → Carmela; *-ico/-a*: María → Marica, Pedro (cfr. med. *Pero*) → Perico; *-iño/-a*: Carme → Carmiña; *-ochó/-a*: Pilar → Pilocho; *-ote/-a*: Domingos → Mingote; *-ucho/-a*: Pilar → Pilucha, Emilio → Milucho; *-uco/-a*: María → Maruca; *-uxo/-a*: Catarina → Catuxa, María → Maruxa.
3. Modificacións fonético-expresivas, cun gosto marcado polas consoantes palatais: Asunción → Xonxa; Celia → Xela; Francisco → Pancho, Farruco etc.; Manuel → Manel; Segundo → Suro etc.

A variedade, orixe, transmisión e recepción dos nomes propios é tan diversa que unha clasificación semántica é certamente complexa desde o momento en que reflicten moi variadas realidades e asociacións semánticas, para alén da incerteza sobre a verdadeira etimoloxía ou significado desta en moitos casos.

¹⁶ En ocasións, mesmo se producen procesos claramente relacionados coa acronimia: Xosé-Luís→Xelis, entre outros casos.

É por isto que unha clasificación que agrupe os millares de nomes existentes segundo a súa orixe é factíbel na maior parte dos casos. Fundamentalmente, rexístranse nomes latinos, gregos, hebreos, xermánicos e mais un grupo heteroxéneo de diversas procedencias.

1. Nomes latinos (moitas veces procedentes de xentilicios ou cognomes que se converten en prenomes): *Antón* (< ANTONIUS); *Breixo* (< VERISSIMUS, sup. de VERUS ‘certo’); *Cándido* (< CANDIDUS ‘branco; sincero’); *Cesáreo* (< CAESAREUS ‘relativo ao César’); *Domingos* (< DOMINICUS ‘do señor’); *Mariña* (< MARINA, fem. de MARIUS ou de MARINUS); *Máximo* ou *Maximino* (< MAXIMUS); *Oliva* ~ *Olivia* (< OLIVA ‘oliva’); *Xulio* (< IULIUS ‘da gens IULIA’); *Paulo* (< PAULUS ‘pequeno’) etc.
2. Nomes gregos: *Alexandre* (< gr. *Aléksandros* ‘defensor dos homes’); *André* (< gr. *Andréas*); *Catarina* (< gr. *Ekaterine*); *Estevo* (< gr. *Stéphanos* → lat. STEPHANUS); *Eusebio* (< gr. *Eusebios* → lat. EUSEBIUS); *Filipe* (< gr. *Philippos* ‘amigo dos cabalos’); *Helena* (< gr. *Helene* → lat. HELENA ou HELENE); *Uxío* (< gr. *Eughenios* ‘ben nacido’ → lat. EUGENIUS); *Xurxo* (< gr. *Georgios* ‘labrego’ → lat. tard. GEORGIUS) etc.
3. Nomes hebreos (en xeral bíblicos, normalmente latinizados): *Ana* (< hebr. *Hannah* ‘Deus tivo misericordia’); *Daniel* (< hebr. *dayâm* ‘xuíz’ ou *dan* ‘xulgar’ + *el* ‘Deus’); *David* (< hebr. *Dawidb* ‘amado’); *Manuel* (< hebr. *Immanu’el* ‘Deus connosco’); *María* (< hebr. *Maryam*); *Xoán* (hebr. *Yobanan* ou *Yehobanan* → gr. *Ioánnes* → lat. IOHANNES); *Xoaquín* (< hebr. *Yobaquim* ‘Deus pon no bo camiño’); *Xosé* (< hebr. *Yoseph*) etc.
4. Nomes xermánicos (latinizados): *Adolfo* (de *Ataúlfo*, de *atala* ‘nobre’ e *wulf* ‘lobo’); *Afonso* (da confluencia de varios nomes que teñen en común o elemento *funs* ‘valente’); *Alberte* (de *Adalberto* ou *Adelberto*, de *adhal* ‘nobreza’ e *berth* ‘ilustre’); *Álvaro* (< xerm. *alls* ‘todo’ e *warjan* ‘defenderse’); *Carlos* (< xerm. *Karl*, polo lat. CAROLUS); *Elvira* (< xerm. **gails* ‘lanza’ ou **gail* ‘alegre’ e *wêrs* ‘amigábel’); *Ermosinda* (< xerm. *irmin* ‘grande, poderoso’ e *sinths* ‘forte’); *Fernando* (< xerm. **Frithunanths*, de **frithu-* ‘paz’ e **nanths* ‘valente’); *Gonzalo* (< xerm. *Gundisalvus*, de **gunth* ‘loitar’); *Guiller-*

me (de *Willehelm* ou *Willabelm*, de *willja* ‘vontade’ e *helm* ‘elmo’); *Henrique* (talvez do xerm *rîks* ‘poderoso, señor’); *Rodrigo* ~ *Roi* (de **Hrôthîks*, de **brôth-* ‘sona’ e *rîks* ‘señor’, polo lat. RODERICUS); *Rosalía* (prob. de *Ruozelin*, de *broth-* ‘sona’); *Xeraldo* (< xerm. *gaira* ‘lanza’ e *walda* ‘poderoso’) etc.

5. Nomes doutras procedencias: *Denís* (< fr. Denis, do lat. DIONYSIUS, procedente do gr. *Dionysius* ‘relativo a Dionisos’); *Iván* (do ruso *Ivan*, rel. co gr. *Ioánnes*; cfr. *Xoán*); *Luís* (do fr. *Louis*, de procedencia xermánica); *Montserrat* (< cat. Montserrat); *Pilar* (< esp. Pilar, do L.V. *PILARE ‘columna’); *Sonia* (hipocorístico ruso de *Sofía*, do gr. *sophía* ‘sabedoría’); *Xavier* (nome basco, de *etxe* ‘casa’ e *berri* ‘nova’); *Xilberte* (< fr. Gilbert, do xerm.) etc.

2.2. Os apelidos

Certamente, a inmensa maioría dos apelidos da poboación galega responde á súa pertenza lingüístico-cultural de orixe, xa que é a capacidade de recepción de inmigrantes a que determina a introdución de apelidos de orixe estranxeira, moi limitada na Galiza por razóns de desenvolvemento económico. Mais pódese sinalar, para alén da presenza dalgúns apelidos españois, apelidos doutras procedencias pola recepción de poboación de diferentes orixes: basca (*Aguirre*, *Murguía*, *Saralegui*)¹⁷, catalá (*Ferré*, *Massó*), francesa (*Gastón*), italiana (*Cáccamo*) etc.

Mais dentro do propio sistema apelativo galego os estratos prelatinos, latino e xermánico están presentes na mesma medida que na toponimia, entre outras razóns pola elevada presenza de formas comúns entre topónimos e antropónimos. O mesmo se pode afirmar da elevadísima porcentaxe de apelidos de orixe xermánica, tendo en conta a escasa importancia cuantitativa desta compoñente poboacional en relación aos galego-romanos; así, resultan significativas as porcentaxes representadas polos ape-

¹⁷ Nótese a relativa frecuencia de apelidos bascos en importantes figuras do Rexurdimento galego decimonónico, face á total ausencia de apelidos cataláns, a pesar de a presenza destes desde finais do s. XVIII na Galiza ser moito máis importante do punto de vista cuantitativo.

lidos *Rodríguez / Ruíz* (8,84%), *Fernández* (8,02%), *González* (6,75%), *García* (5,78%), aos que seguen *Pérez, López, Martínez / Martíns / Martís, Vázquez, Álvarez, Gómez, Iglesia(s) / Igrexa(s), Castro*, “de xeito que xa con estes doce primeiros pódese chegar ó 50% da poboación con apelidos xermánicos” (Ferro Ruibal 1995: 45).

Por outra parte, igual que acontece cos topónimos, nos apelidos existe o mesmo tipo de multiplicación e variación formal, sobre todo nos apelidos toponímicos, xa que aparecen as mesmas variacións e flexións que na toponimia (evolutivas, dialectais, xenéricas, numéricas, sufixais ou compositivas), acrecentadas aínda neste caso polas flexións *-o/-a* nos apelidos do tipo *Ferreiro/Ferreira, Pereiro/Pereira* etc.

Dentro dos apelidos galegos poden establecerse catro grandes grupos dun punto de vista semántico-formal: patronímicos, toponímicos, sociais e caracterizadores. Obviamente, aínda existen outros apelidos que non entran nestes grandes grupos, entre os que destacamos os de orixe relixiosa (*Cruz, Ramos* etc.).

1. Os apelidos patronímicos, consolidados na baixa Idade Media, constitúen, sen dúbida, o grupo máis numeroso do punto de vista cuantitativo, sobre todo pola alta rendibilidade do sufixo *-ici* (seguramente sobre un sufixo ibérico) que formaba construcións xenitivas sobre o nome paterno, dando como resultado xeral *-ez* (*-es / -is / -iz*)¹⁸: *Álvarez* (de *Álvaro*), *Biéitez* (de *Bieito*, do lat. BENEDICTUS), *Diéguez* (de *Diego*, da forma latinizada DIDACUS, de orixe escura), *Henríquez* (de *Henrique*), *López* (de *Lopo*, do cognome lat. LUPUS ‘lobo’, nome frecuente na Idade Media), *Martíns ~ Martís ~ Mar-*

18 Aínda existen outros apelidos con esta mesma orixe, mais que presentan *-es* final case sistematicamente: *Garcés*, de *García*, e *Pais/Paes*, de *Paio*. Seguramente o feito de non se ter xeneralizado *-ez* no último caso se deba á diferenza cos correspondentes apelidos españois (*Peláyez*), o mesmo que explicaría que a maioría dos galegos con patronímico formado sobre *Bieito* presenten a forma *Bieites* e non *Biéitez* (cfr. esp. *Benítez*). É importante sinalar tamén que o antigo *Eanes* (*Anes, Ianes* etc.), do xen. lat. IOHANNIS, aparece modernamente sempre ‘reconvertido’ no españolizado *Yáñez*.

Por outra parte, existen apelidos semellantes aos patronímicos con *-ez* que comparten unha orixe común, como *Díaz*, procedente da forma xenitiva DIDACI, formada sobre DIDACUS.

tínez (de *Martiño* ou *Martín*)¹⁹, *Méndez* (de *Mendo*, nome de orixe xerm., frecuente no período medieval), *Míguez* / *Miguéns* / *Miguens* (de *Miguel*, do hebr. *Mikha'el*, a través do gr. e lat. MICHAEL), *Núñez* (de *Nuno*, de orixe incerta), *Pérez* (de *Pero*, forma antiga de *Pedro*, de PETRUS), *Rodríguez* / *Ruíz* (de *Rodrigo* / *Roi* ou *Rui*), *Sánchez* (de *Sancho*, do lat. SANCTIUS, de SANCTUS), *Suárez* (de *Sueiro*, de orixe incerta; cfr. med. *Soarez*), *Vázquez* (de *Vasco*, nome de orixe prelatina), *Vermúdez* (de *Vermudo*, do xerm. *Veremudus* ou *Veremundus*, de *ber* 'señor' e *mund* 'man'), *Xiráldez* (de *Xeraldo*) etc.

Mais tamén existen patronímicos que presentan formas coincidentes con nomes de pía, salvados deste xeito da vaga castellanizadora que a administración española produciu durante séculos: *Alexandre*, *Arias* ou *Airas* (de orixe incerta), *Bernaldo* (< xerm. *Bernhard*, de *berin* 'oso; guerreiro' e *hard* 'forte'), *Bieito*, *Breixo*, *Caxiao* (< CASSIANU), *Cristovo* (do gr. *Chistophoros* 'portador de Cristo', de *Christós* e *phóros*, de *pheréin* 'levar'), *Estevo* (< STEPHANUS), *García* (nome moi común na Idade Media, de orixe prelatina), *Lois* (seguramente unha var. de *Luís*), *Lourenzo* (< LAURENTIUS 'da cidade de LAURENTUM'), *Paio* (< PELAGIUS), *Sueiro*, *Tomé* (do lat. ecl. THOMAS, talvez por un antigo xenitivo), *Xácome*, *Xiao* / *Xián* (< IULIANUS), *Xurxo* etc.

Moitas veces estes nomes foron transmitidos a través dos apelidos coa aglutinación do adxectivo *santo* (ou *san*) ao nome correspondente: *Sambreixo* (San Breixo), *Sampaio* (San Paio), *Sanfíns* ~ *Sanfiz* (San Fiz), *Santavalla* ~ *Santalla* ~ *Santoalla* (< SANCTA EULALIA), *Santamariña* (Santa Mariña), *Santiago*, *Santomé* (San Tomé), *Sanxiao* (San Xiao), *Sanxurxo* (San Xurxo), *Seoane* ~ *Seivane* (San Xoán).

2. Os apelidos toponímicos, isto é, aqueles que son coincidentes ou están baseados en formas da toponimia, constitúen un importante grupo, tanto pola súa cantidade, como, sobre

¹⁹ A forma avasaladoramente dominante é *Martínez*, con probábel influencia do español, face ás formas antigas *Martiz*, *Martinz* ou *Martins*, aínda que xa no s. XV se rexistra a forma *Martínez* con relativa frecuencia.

todo, pola extrema diversidade que presentan, feito que permite a súa distribución en dous grandes grupos²⁰:

- a) Apelidos que fan referencia á terra e á auga: agro → *Agra, Agrelo*; eira (< AREA) → *Aira / Eira, Eiranova, Iravedra*; area → *Area, Areal, Areoso*; barro → *Barral, Barredo, Barreiro, Barroso, Barro*; cabana → *Cabana(s), Cabanela, Cabaniña*; casa → *Casa(s), Casal, Casais / Casás, Casar(es)*; curral (de orixe incerta) → *Corral, Currais, Currás*; corredoira → *Corredoira*; ermo (< EREMU, do gr. *éremos*) → *Ermelo, Ermo, Ermoso, Ermida* (< EREMITA, do gr.); fonte → *Fompedriña, Fonseca, Fontaiña, Fonte, Fonteboa, Fontecha, Fontecova, Fonte(n)la*; foxo → *Foxo*; fraga (de FRAGA, talvez deriv. regresivo de FRAGOSUS) → *Fraga, Fragueiro, Fraguela, Fraguío*; gándara (de orixe prelat.) → *Gándara, Gandarela, Granda, Grandela, Grandal*; insua → *Insua, Insuela*; lago, lagoa → *Lago, Lagoa, Lagoela ~ Lagüela*; lama → *Lama, Lamazares, Lamego, Lameira, Lamela*; leira → *Leira, Leirachá, Leiro*; monte → *Monforte, Monte, Monteagudo, Montecelo, Montemaior, Montouto*; pazo → *Pacín, Pacio, Pazo, Pazó*; pena → *Pena, Penalba, Penalonga, Penalta, Penedo, Penouco, Penela, Penarrubia*; quinta (do lat. QUINTANA) → *Quintá(n)(s), Quintairos, Quinteiro, Quintela*; río → *Rielo, Río, Riobó, Riotorto*; sala (do lat. SALA, do xerm.) → *Sa(a), Saavedra, Zas*; seixo → *Seixal, Seixas, Seixido, Seixo, Seixoso*; val → *Val, Valboa, Valín, Valiña, Valiño, Valouta ~ Varouta*; valo → *Valado, Valo*; varcia ~ varxa → *Varcia, Varcieira, Varxa, Varxacova*; vereia → *Vereia, Vrea*; vila → *Vila, Vilaboa, Vilachá, Vilacova, Vilalta, Vilamaior, Vilamor, Vilanova, Vilar(es), Vilarchá, Vilariño, Vilarnovo, Vilasuso, Vilavedra, Vilaveilla, Vilela, Vilouta* etc. Outros apelidos fan referencia a nomes que xa non pertencen ao léxico común: *Almuíña* (do ár. *al-muniâ* 'horta, herdade'), por exemplo.

20 Como xa fixemos cos topónimos, non pretendemos recoller todas as variantes femininas, plurais ou diminutivas dos apelidos, como tampouco, en xeral, os compostos, especialmente aqueles formados cun adxectivo como segundo elemento, ou precedidos do elemento *do(s)* ou *da(s)*.

Os apelidos toponímicos tamén aparecen moitas veces prefixados; véxase a modo de exemplo o elemento *so-* (ou *su-*) en apelidos como *Socasas* (Casas), *Socastro* (Castro), *Sopazo* (Pazo), *Sorribas* (Ribas), *Sovía* (Vía), *Soviela* (Viela), *Sueiras* (Eiras) etc.

- b) Apelidos que fan referencia a realidades vexetais ou, en menor medida, animais: ameixa → *Ameixeira*, *Ameixenda*, *(A)meixide*; bugallo → *Bugallal*, *Bugallo*; caravel → *Caravel*; carballo → *Carballa*, *Carballo*, *Carballal* / *Carballar*, *Carballedo* / *Carballido*, *Carballeira*; coruxa → *Coruxeira*, *Coruxo*, *Cruxeiras*; fento → *Feital*, *Feito*, *Felgar*, *Felgueira*, *Fentáns*, *Feteira*, *Fieital*, *Filgueira*, *Folgar*, *Folgueira*; freixo → *Freixal*, *Freixedo* / *Freixido*, *Freixeiro*, *Freixo*; loureiro → *Laureda*, *Laureiro*, *Louredo* / *Lourido*, *Loureiro*; mazá → *Maceda*, *Maceira*, *Macieira*, *Maciñeira*, *Mazaeda*, *Mazaira*, *Mazás*; néspereira → *Nespereira*; orxo → *Orxeira*; pera → *Pereira*, *Pereiro*; pomar → *Pomar(es)* / *Pumar(es)*, *Pumarega*; silva → *Silva*, *Silvar(es)*, *Silvariño*, *Silvarredonda*, *Silveira*, *Silvela*, *Silvosa*; souto → *Souteliño*, *Soutelo*, *Souto*, *Soutolongo*, *Soutomaior*, *Soutullo*; teixo → *Teixeiro*, *Teixelo*, *Teixido*, *Teixo*; toxo → *Toxal*, *Toxeiro*, *Toxo*; uz → *Ucedo*, *Uceira*, *Uz*, *Uzaira*, *Uzal*; xesta → *Xesta*, *Xestal*, *Xesteira* etc.
3. O terceiro grande grupo de apelidos galegos está constituído polos apelidos sociais; son, en xeral, nomes substantivos que aluden a profesións, orixe ou consideración social da persoa: *Alfaxeme*, *Bale(e)iro*, *Bispo*, *Cabaleiro*, *Capelán*, *Castelao*, *Crego*, *Cunqueiro*, *Escudeiro*, *Faraldo*, *Ferreiro*, *Fidalgo*, *Forneiro*, *Frade* e *Freire*, *Guerreiro*, *Meiriño*, *Monteiro*, *Ovelleiro*, *Peleteiro*, *Porteiro*, *Queixeiro*, *Sineiro*, *Torneiro*, *Troiteiro*, *Xuíz* etc.
4. Finalmente, existen apelidos que indican cualidades ou características (corporais, sociais, psíquicas), moitas veces procedentes de alcumes²¹: *Bo(o)*, *Branco*, *Calvo*, *Delgado*, *For-*

21 A importancia dos alcumes como fonte xeradora de apelidos debeu ser alta se comprobamos, por exemplo, a súa frecuencia na antroponimia medieval; nos padróns municipais ourensáns do s. XV rexístranse nomes como os seguintes:

moso, Gago, Grande, Leal, Louro, Louzán / Louzao, Mouro (Mourelo e Mouriño), Novo, Roibal, Rouco, Roxo, Tato, Vello, Velo, Veloso, Vizoso etc.

Moitos apelidos “faunísticos” deben proceder inicialmente de alcumes, xa que aluden a animais considerados negativos polo seu comportamento ou por algunha característica física ou por representaren algunha característica concreta (forza, astucia etc.): *Abella, Abellón, Balea, Baleato, Cascudo, Coello, Falcón, Lebre, Lobo, Paxarín / Paxariño (e Pásaro), Pombo, Raposo, Sardiña, Tenreiro, Xato etc.*

3. CASTELANIZACIÓN E NORMALIDADE NA ONOMÁSTICA GALEGA

3.1. As anomalías históricas

Se ben o atentado historicamente máis grave contra a onomástica galega foi o proceso de españolización, a situación de prolongada anormalidade sociolingüística provocou –e continúa a provocar– tamén que fose continua a incoherencia gráfica nas formas topo-antroponímicas, contribuíndo á alienación sociolingüística e á corrosión do sentimento unitario e nacional galego nun ámbito significativo da cultura da Galiza. Este proceso percíbese ben claramente na representación gráfica incoherente de moitos topónimos (e antropónimos). Basicamente:

1. Presenza ou ausencia de <h>: Erbedelo (< ERBITU, por ARBUTU) → *Hervedelo; Ermida (< EREMITA) → *Hermida; Hoeste (< HONESTI) → *Oeste.
2. Utilización de e <v>: Covas (< COVAS) → *Cobas; Ribeira (< RIPARIA) → *Riveira; Valiña (< VALLE) → *Baliña; Vao (< VADU) → *Bao.
3. Substitución de <x> por <g + e, i> e <j>, xunto co mantemento da grafía etimolóxica antiga <g + e, i> e <j> como presenza intencionalmente españolizadora da grafía galega

Afonso *Fageben*, Jacome *Coxo*, Joan *Porcallo*, Lopo *Curto*, Lopo *Sandeu*, Mariña *Cachapuda*, Martín *Cansado*, Pero *Ardellastres*, Rodrigo Ianes *Calças Pardas*, Rodrigo *Serodio* etc. (cfr. López Carreira 1995). Nos nomes dos trobadores galego-portugueses aparecen tamén os alcumes con relativa frecuencia: Airas *Carpancho* (de Corp'ancho?), Airas *Engeitado*, Estevan *Coelbo*, Joan *Baveca*, Joan Soairez *Somesso*, Nuno Perez *Sandeu*, Nuno *Porco* etc.

actual <x> [j]: Freixo (< FRAXINU) → *Freijo; Seixal (de SAXU) → *Seijal; Xesteda (< ant. Gesteda, de GENESTA) → *Gesteda.

Mais a anormalidade sociolingüística, pola carencia durante séculos dunha norma culta, fai, por outra parte, que na toponimia se multiplicasen os testemuños da vacilación vocálica da pronuncia popular, con alternancias entre formas plenas e contractas (*Curuxeiras / Cruxeiras*), así como das alternancias de -e/i- e -o/u- en posición átona que a falta de normalidade xerou na onomástica: *Telleira / Tilleira* (< TEGULA+-ARIA), *Feais / Fiais* (< FENALES), *Viladónega / Viladóniga* (< VILLA DOMINICA), *Enfesta / Infesta* (< INFESTA), *Golpilleira / Gulpilleira* (< VULPE) etc. Algo semellante acontece coa incoherente representación gráfica de pronuncias dialectais, como o seseo: Eiriz vs. *Eirís, Marcelle vs. *Marselle etc.

O mesmo proceso se produce no caso da antroponimia, fundamentalmente no eido dos apelidos, xa que, para alén das lóxicas variacións lingüísticas de tipo dialectal (CASSIANU > Caxián ~ Caxiao, CASALES > Casás ~ Casais ~ Casares; VALLE > Val(es) ~ Valiño(s) ~ Valiña(s) ~ Valín etc.), percíbense as mesmas eivas que na toponimia²²:

1. Presenza ou ausencia espuria de <h>: Hedreira (< HETERA 'hedra') → *Edreira; Ermoso (< EREMU+-OSU) → *Hermoso (cfr. *Formoso*).
2. Utilización anómala de e <v>: Ribas (< RIPAS) → *Rivas; Valado (< VALLATU) → *Balado; Vello (< VETULU) → *Bello; Vereia ~ Vrea (< VEREDA) → *Berea ~ Brea.
3. Mantemento da grafía <g + e, i> e <j> (só etimolóxica en parte dos topónimos e apelidos), como presenza intencionalmente españolizadora do galego actual <x> [j]: Ameixeiras (de DAMASCENA) → *Ameijeiras; Cereixo (ant. Cereijo, de CERASIU) > *Cereijo; Feixo(o) (< FASCIOLU) → *Feijoo; Xaneiro (ant. Janeiro, de IANUARIU) → *Janeiro.
4. Aglutinacións escurecedoras da prep. co subst. en apelidos: Do Barro → Dobarro, Do Campo → Docampo, Do Rego → Dorrego etc.

²² Mesmo se observan anómalos deslacements acentuais, normalmente atribuíbeis a erros na transmisión burocrática: Pallares→Pallarés, por exemplo. Parcialmente similar é o caso de Da Vila→*Davila→*Dávila.

Aínda que en menor medida que na toponimia, tamén nos apelidos se rexistran as vacilacións vocálicas e de crases vistas nos topónimos (THEOMIRI > Toimil / Tuimil, LACUNA+-ELLA > Lagoela / Lagüela; VEREDA > Vereia / Vrea etc.), así como a aparición gráfica do seseo: BENEDICTU+-ICI > Biéitez → *Viéitez ~ *Vieites; MATIANA+-ETA > Maceda → *Maseda etc.

3.2. O proceso de castelanización onomástica

3.2.1. A toponimia

A fonte directa da anormalidade toponímica está constituída polo demorado e consciente proceso de castelanización que as autoridades españolas realizaron ao longo de varios séculos, situación denunciada historicamente polos sectores máis conscientes da sociedade galega: «Os “señoritos” castelanizantes dunha banda e de outra, o[s] funcionarios do Estado, a Provincia e o Municipio entraron como hordas de tártaros no nomenclátor de Galiza e non deixaron pedra con pedra. Por miragre, Pontevedra non é xa “Puntevedra” e Taboadela non se convertiu aínda en “Tablilla” ou “Tabloncillo”, e, por miragre tamén, Punteareas se contenta con trocarse no anfibio Punteareas e non chegou a Punteareñas. Mais temos en troques un Sejalvo (por Seixalvo) que quita a cabeza e unhas Crujeiras enternecedoras, un Sejomil capaz de satisfacer ao idiota máis eisixente, un Cillero que non siñifica ren e no que é imposible recoñecer ao eufórico Celeiro, etc., etc.» (texto de 1934 recollido en Sanmartín Rei 1997: 81).

O mesmo que acontecía na documentación galega cos topónimos extragalegos, as primeiras formas españolizadas rexístranse na documentación castelá relativa á Galiza, xa a finais do s. XII e comezos do XIII, con formas como *Venero* por *Vieiro* ou *Puebla de Hortiguera*. Este proceso, en principio limitado á documentación extragalega (fundamentalmente na da chancelaría real castelá), comeza a estenderse a partir dos ss. XIV-XV, propagándose desde as instancias do poder castelán na Galiza, aumentando as castelanizacións, tanto totais (Vivero, Valle d'Oro, Riberas de Minno, Cellero, Orense, Ribero d'Avia, Mellid, La Franquera, Rubianes, Lorigo, Salvatierra, Morente, Olivera etc), como parciais (Riberas do Minno, Vale d'Oro etc.), chegan-

do xa en 1606 a aberracións como *Juan Rozo* por *Xanrozo* (< GENEROSU), nas *Memorias del arzobispo de Santiago* do cardeal Jerónimo del Hoyo (Santamarina 1988: 87-96).

Certamente, hai unha cantidade importante de topónimos en que non é posíbel a castelanización por deixaren de ser nomes comúns ou por careceren de trazos que os identifiquen como galegos: *Cambados*, *Castro*, *Guitiriz*, *Lugo*, *Mondoñedo*, *Vigo* etc.

No resto dos casos, a castelanización realizouse en diferente medida, xa que para alén de ser practicamente inexistente na toponimia menor, existen topónimos que sempre mantiveron a súa forma galega (*Monfero*, *Mosteiro*, *Pousada*, *Ribeira*, *Riotorto*, *A Rúa*, *Saavedra*, *Vilaboa*, *Vilachá* etc. sen que se rexistrasen xamais formas como **Monfiero* ou **Montefiero*, **Monasterio*, **Posada*, **Ribera*, **Riotuerto*, **La Calle*, **Salavieja*, **Villabuena* ou **Villallana*), fronte a outros moitos que se tentaron españolizar, aínda que a forma real subsistiu na inmensa maioría dos casos, ficando limitadas as formas castelanizadas ao ámbito administrativo español.

A castelanización funcionou de diversos modos e con diferentes procedementos:

1. Tradución completa da forma toponímica: Maceda → **Manzaneda*; As Nogais → **Los Nogales*; Ourense → **Orense*; A Pontenova → **Puentenuuevo*; Soutomor → **Sotomayor*; Villanova → **Villanueva*.
2. Tradución parcial, normalmente do primeiro elemento, sobre todo aqueles facilmente perceptíbeis (como *Fonte-*, *Pedra-*, *Póboa* ~ *Pobra*, *Ponte-*, *Vila-* etc., que se converten inexorablemente en **Fuente-*, **Piedra-*, **Puebla*, **Puente-*, **Villa-* etc.), xerando en numerosas ocasións híbridos aberrantes: Pedrafita → **Piedrafita* (cfr. esp. *Piedrabita*); Póboa do Caramiñal → **Puebla del Caramiñal* (cfr. gal. *caramiña* ou *camariña*); Pontearreas → **Punteareas* / **Punteáreas*; Vilalonga → **Villalonga*; Vilamor → **Villamor* / **Villamayor*; Vilar de Donas → **Villar de Donas*.
3. Tradución do artigo toponímico: O Carballo → **El Carballo* (cfr. esp. *roble* ou dial. *carvajo*); A Coruña → **La Coruña*; A Devesa → **La Devesa* ~ **La Debesa* (cfr. esp. *debesa*); O

Freixo → *El Freijo (cfr. esp. *fresno*); O Seixal → *El Seijal (cfr. esp. *guijarra*).

4. Reconversión gráfico-fonético por medio de 'regras' de equivalencias que moitas veces xeraron formas como gal. <i> (inter- ou posvocálico) → *esp. <y>, gal. <ei> → *esp. <e>, gal. <ou> → *esp. <o>, gal. <x> → *esp. <j>²³, gal. <ll> → *esp. <j>, gal. <l> → *esp. <ll>, gal. <n> → *esp. <ñ>, gal. <ñ> → *esp. <n> etc.: Cabanas → *Cabañas; O Carballiño → *Carballino; Irixoa → *Irijoa; Lourenzá → *Lorenzana; Nouche (< NAUSTI) → *Noche; Orol → *Orol; San Ourente → *San Orente; Seixo → *Seijo; Tordoia → *Tordoya; Toxal → *Tojal; Tui → *Tuy; Veiga → *Vega; Vilariño → *Villarino; Xunqueira → *Junquera.
5. Mais tamén funcionou a adaptación fonético-morfolóxica: -áns (< -ANOS, -ANES) → *anes, -ás (< -ALES, -ANES) → *-ales, -de → *-d etc.: Fontáns (< FONTANOS) → *Fontanes; Goiá(n)s (< xerm. *gaudila, -anis*) → *Goyanes; Melide (< MELLITI) → *Mellid; Orxás (de HORDEU?) → *Orjales; Rebordáns (< *ROBURRETANOS) → *Rebordanes; Viladabade (< VILLA DE ABBATE) → *Villadabad.

Deste xeito, a nómina de formas aberrantes lingüística, cultural e socialmente é ampla, inzando as falsas interpretacións (a *Rúa dos Alcabaleiros* convértese en **Calle Caballeros*, por exemplo), as formas caprichosas (*Poxigo*, de POSTICU, aparece como **Pejigo*) ou inventadas (*Xanrozo*, xa visto, ou *Xanceda*, de SALICETA, transfórmanse en **Juan Rozo* ou **Juanceda*), que se converten nun atentado á integridade lingüístico-cultural galega.

3.2.2. A antroponimia

O proceso de españolización antroponímica foi moi semellante ao producido na toponimia, sendo realizado polas autoridades estatais e mais as eclesiásticas: “[...] abundou, ben veces, coa simple decisión unilateral do escribán ou crego correspondente para mudarlle a un labrego o seu nome ou apelido xenui-

23 Neste caso xa se aproveitou a grafía histórico-etimolóxica de moitos vocábulos (ant. *Janeiro*, *Cereijo* etc.) para promocionar unha pronuncia fricativa velar [x].

namente galego por outro equivalente castelán. Os autóctonos Paios foron facéndolle un sitio ós espúreos Pelaios e Pelayos, os Domingos perden o -s final, e os Albertes vanse arredondando en Alberto. Esta alternancia inicial, predecesora da decidida castelanización, mesmo se dá adoito nun mesmo documento e con escasas liñas de separación entre as formas en liza, como se pode observar nun documento de 1783 (*Libro de la Cofradía del Sacramento de S. Miguel de Treos, 1766-1851*, fº 28, aº) no que tan só cinco liñas separa a Patricio de Outeiro do “reconvertido” Patricio de Otero. Bastantes anos antes, un vicecura escribe, contra 1724, Joseph de Villarino, cando uns folios atrás figuraba esta mesma persoa coma José de Vilariño. E certo individuo pasou dun ano a outro de se chamar Baltasar de Vilanova a ser Baltasar de Villanueva” (Lema Suárez 1991: 123; tamén Lema Suárez 1993: 126-128).

Deste xeito, seguíronse as mesmas pautas que na toponimia coas equivalencias e/ou traducións xa vistas. Así aparecen os **Caballero* (←Cabaleiro), **Montero* (←Monteiro), **Montoto* (←Montouto), **Otero* (←Outeiro), **Salguero* (←Salgueiro), **Soto* (←Souto), **Villanueva* (←Vilanova), **Villarino* (←Vilariño), xerando tamén en numerosas ocasións híbridos (Soutelo → *Sotelo).

A alteración e deturpación españolizadora chegou a mudar os frecuentes apelidos galegos formados por un sintagma composto pola prep. *de* + art. + subst. por medio da falsa segmentación da contracción prep. + art. (Da Cuña → *De Acuña, Da Ponte → *De Aponte), eliminación da prep. con aglutinación do art. ao subst. (Do Campo → *Ocampo, Do Pazo → *Opazo), crase total das dúas compoñentes (Do Outeirelo → *Douterelo) ou eliminación total da prep. e art. (Do Outeiro → *Outeiro ou *Otero, Do Barro → *Barro, Do Campo → *Campo etc.), cando non a simple tradución (Da Fonte → *De la Fuente).

4. CABO

A realidade infraestrutural, a xeografía física, permanece basicamente inalterada ao longo dos tempos; non aconteceu o mesmo coa lingua galega, en xeral, e coa onomástica, en particular. A colonización que caracterizou a nosa historia moderna non atinxiu só á agricultura, á gandaría, á pesca ou á constru-

ción naval, senón tamén, e de forma acusada, á lingua, ás nosas formas xenuínas e auténticas, que se viron sometidas a un pertinaz proceso de deturpación e barbarización por parte da lingua oficial do Estado, o español; este proceso acrecentouse considerabelmente desde que, no século XIX, as institucións e axencias dese Estado reforzaron e ampliaron a súa presenza e a súa presión: provincias e deputacións provinciais; gobernos civís; Garda Civil; servizo militar obrigatorio; ensino en español; emigración...

Mais o que na lingua se estraga, na lingua se pode rectificar. O que na lingua foi modificado á forza e por factores externos, na lingua pode ser corrixido. Esta tarefa de rexeneración comezou a finais do século XVIII, co Padre Sarmiento, e continuou ao longo do período contemporáneo liderada polo pensamento e a acción dos sectores máis conscientes da sociedade galega, sempre en defensa da identidade nacional da Galiza, da súa lingua e da súa cultura. E a comezos do século XXI aínda é preciso culminar o labor de recuperación dos nosos topónimos e antroponimos: non (re)inventar nada, non mudar arbitrariamente, senón todo o contrario: restaurar a corrección perdida, devolver a forma xenuína a todos os nomes desfigurados por un prolongado proceso de asoballamento. Non se trata, xa que logo, de *galeguizar* nada: trátase de recuperar –dereito humano básico– a face verdadeira do que colectivamente nos significou ao longo da historia e ao largo da xeografía de noso. Renunciarmos a facelo así sería renegarmos da nosa historia e de nós mesmos, mais tamén renunciarmos ao futuro.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- BAIÓN, C. de [pseud. de X. M^a. Álvarez Blázquez] (1976): *Os nomes da terra recollidos do pobo* (Vigo: Castrelos).
- BOULLÓN AGRELO, A. I. (1995): “Cronoloxía e variación das fórmulas patronímicas na Galicia altomedieval”, *Verba*, 22: 449-475.

MANUEL FERREIRO

- FERREIRO, M. (2001 [1997]): *Gramática Histórica Galega*. II. *Lexicoloxía* (Santiago de Compostela, Laiovento, 2002).
- FERRO RUIBAL, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos* (Vigo: Ir Indo).
- KREMER, D. (1989): “Tradition und Namengebung (Statistische Anmerkungen zur mittelalterlichen Namengebung)”, *Verba*, 7: 75-155.
- LEMA SUÁREZ, X. M. (1991): “Interferencias lingüísticas do galego no castelán de Galicia dos séculos escuros. Algunhas calas nunha comarca rural: a Terra de Soneira”, *Cadernos de Lingua*, 3: 111-133.
- LEMA SUÁREZ, X. M. (1993): “Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoias (1607-1760)”, *Cadernos de Lingua*, 8: 117-134.
- LÓPEZ CARREIRA, A. (1995): *Padróns de Ourense do século XV. Fontes estatísticas para a historia medieval de Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- PIEL, J. M. (1995): “Considerações gerais sobre toponímia e antroponímia galegas”, *Verba*, 6: 5-11.
- SANMARTÍN REI, G. (ed.) (1997): *Prosa didáctica (1916-1936)*. *Antoloxía* (Vigo: AS-PG/A Nosa Terra).
- SANTAMARINA, A. (1988): “Efectos do contacto lingüístico na toponímia galega”, en D. KREMER (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário: 87-96* (Tübingen: Max Niemeyer).